



VERSOGRAMAS

PRESENTACION

Versogramas, creado desde Galicia, está considerado **o primeiro documental do mundo en abordar o panorama internacional da videopoesía**. Nel participan videopoetas galegos como Yolanda Castaño, Antón Reixa e Iria Pinheiro. Inclúese unha obra inédita ata o momento, elaborada por Carlos Oroza e Carlos Vilas Bugallo.

Versogramas contén entrevistas a 14 videopoetas internacionais e fragmentos das súas pezas, xunto coas doutros 19 videopoetas máis de diversos recunchos do globo. Esbozos de definicións sobre videopoesía en experimental completan o tecido do documental. A súa premiere mundial tivo lugar en NUDO Festival de Poesía Visual (Barcelona). Logo do seu paso polo Festival de Cans (O Porriño), comeza a súa andaina por festivais internacionais.

Versogramas está dirixido por **Belén Montero**, codirixido por **Juan Lesta**, con música de **Isaac Garabatos**, producido por **Esferobite** (A Coruña) e con produción executiva de **Celia Parra**.

Conta coa axuda de **AGADIC**, a participación da **Televisión de Galicia**, a produción asociada de **Amanita Films**, **Pixel Films** e Celia Parra. Colaboran: Fundación Luís Seoane, Fundación Cidade da Cultura, Fundación Paideia, Concello da Coruña, Fundación Uxío Novoneyra, Museo Mac Gas Natural Fenosa e **Editorial Galaxia**, que vén de publicar libroDVD co documental e contido extra.

SINOPSE

Versogramas é unha viaxe emocional cara ó descubrimento dun novo fenómeno artístico de crecente popularidade. Poetas e cineastas cóntannos como ven a vida a través deste xénero e axudan a contestar a pregunta: Que é iso da videopoesía?

TRAILER

<https://vimeo.com/252865348>

VIDEOPOETAS

<http://www.versogramas.com/videopoetas/>

CV BELEN MONTERO (DIRECTORA) E JUAN LESTA (CO-DIRECTOR)

[Belén Montero](#) (1970) e [Juan Lesta](#) (1971) son realizadores cunha ampla experiencia en proxectos experimentais e multimedia orientados tanto á cultura coma ó video corporativo. Formaron no 98 a produtora [Esferobite](#) e, baixo o nome artístico [DSK](#), realizan sesións de vídeo en directo e proxectos artístico-musicais. Os seus traballos foron seleccionados e premiados en numerosos festivais, (tales como MTV Awards, Escales Documentaires La Rochelle, Cineuropa) e expostos en museos coma o Pompidou (Metz), o CGAC (Santiago de Compostela) ou o Hangar (Barcelona). Especialízanse en videoclip, live cinema, documental experimental, desenvolvemento web e proxectos educativos relacionados co vídeo.

FICHA TECNICA

TÍTULO ORIXINAL: VERSOGRAMAS

PRODUTORA: Esferobite S.C.

CO-PRODUTORA: TVG (versión 52')

IDEA ORIXINAL E PRODUCCIÓN EXECUTIVA: Celia Parra

PRODUTORES: Juan Lesta e Belén Montero

DIRECTORA: Belén Montero

CO-DIRECTOR: Juan Lesta

DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA: Ricky Morgade

GUION: Belén Montero

MÚSICA ORIXINAL: Isaac Garabatos

XÉNERO: Documental de creación

TRATAMENTO: Experimental

DURACIÓN: 74' / 52' (versións fílmicas)

IDIOMA: Galego-Castelán-Inglés (V.O. Subt.)

Ano: 2017

Facebook: <https://www.facebook.com/versogramas>

Twitter: <https://twitter.com/versogramas>

Web: <http://versogramas.com/>

Email: info@versogramas.com

